

A XUNTA ESTENDERÁ A EDUCACIÓN DIXITAL A 100.000 ALUMNOS EN DOUS ANOS

- *O Plan de infraestruturas dixitais ampliará o alcance de E-Dixgal ao 70% dos alumnos de 5º de primaria a 4º da ESO*
- *Con este obxectivo, o Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe dous contratos marco para a adquisición de 45.000 ultraportátiles e o equipamento para outras 2.000 aulas*

A Xunta de Galicia avanza na consolidación da educación integralmente dixital coa posta en marcha das primeiras medidas do Plan de infraestruturas dixitais, EDU100, para estender a iniciativa E-Dixgal, actualmente disponible entre 5º de primaria e 2º da ESO, aos cursos de 3º e 4º da ESO.

A previsión é que en dous anos 100.000 alumnos poidan comezar a desenvolver a súa actividade co libro dixital, unha cifra que suporá o 70% dos alumnos de 5º de primaria a 4º da ESO.

Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe dous contratos marco, que suman un importe máximo de 34 millóns de euros, para adquirir ata 45.000 ultraportátiles para o alumnado así como o equipamento necesario para a dotación doutras 2.000 aulas E-Dixgal.

A extensión de E-Dixgal comezou xa no último trimestre do 2020 coa licitación dos contidos para estes niveis educativos, que estarán dispoñibles antes do remate do actual curso.

34.000 alumnos con libro dixital este curso

Neste curso 2020-2021 son xa 470 os centros integrados na iniciativa E-Dixgal e 34.000 os alumnos de 5º de primaria a 2º da ESO que estudan con libro dixital, equipados con portátil e con acceso *on* e *off line* á plataforma virtual EVA, onde teñen á súa disposición o contido curricular completo de cada curso.

Ademais, o alumnado, os profesores e as familias teñen á súa disposición o servizo de soporte premium para facilitar a resolución de dúbihdas e incidencias nas 24 horas os 7 días da semana, e un paquete de recursos dixitais como un portal específico sobre a iniciativa, espazoAbalar, e unha aplicación, abalarMobil, que lles permite ás familias o seguimento da actividade educativa dos seus fillos.

Dez anos de transformación dixital

A transformación dixital das aulas en Galicia comezou en 2010 coa posta en marcha da iniciativa Abalar, na cal se levan investido máis de 100 millóns na dixitalización de todas as aulas de 5º de primaria a bacharelato; na mellora da conectividade para que o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

100% dos centros públicos educativos de primaria e secundaria disponen de conexión á internet superior a 100 Mpbs, na adquisición de equipamento, contidos dixitais e implantación de novos servizos e canles de comunicación en liña.

A estes recursos súmanse diferentes plataformas e aplicacións que facilitan o ensino dixital, como se demostrou durante o período de confinamento, como as aulas virtuais ás cales accederon diariamente máis de 100.000 estudiantes; o sistema de videoconferencia con 4.000 xuntanzas diárias; a aplicación Abalar que empregan habitualmente 93.000 usuarios ou a plataforma EVA, que rexistra diariamente un acceso medio de 3.100 profesores e 29.300 estudiantes.